

"POÉTICAS DIVERSAS na biblioteca escolar"

Concurso de deseño de **MARCAPÁXINAS**

ORGANIZA: **ANPA e EQUIPO DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA**

☞ **TEMA:** POÉTICAS DIVERSAS na biblioteca escolar é o lema escollido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2018/2019 con destino ás bibliotecas escolares dos centros educativos galegos

"A poesía, din, é a memoria do mundo". Juan Marqués

"A poesía está por todas partes, o que importa é explorar para descubri-la. A biblioteca escolar é un lugar privilexiado para estimular esa mirada que xogue a descubrir a poesía que se agocha nas paisaxes, na música, no cine, nunha noite estrelada, no baile do vento na herba, nos seres minúsculos que só podemos ver a través do microscopio, nesa música que engaiola, na palabra dos poetas, na tradición oral, nun texto que nos traspasa e nos obriga a mirarnos, nesa persoa que nos axuda a abrir os ollos para ver o que nos rodea, no último descubrimento científico (eses escutoides descoñecidos até agora), nesa voz que nos fala, nese abrazo que nos agarima..."

www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/

☞ **MODO DE PARTICIPACIÓN:** Pódense presentar **todos/as os/as alumnos/as matriculados** no centro no presente curso escolar, cun máximo de **dúas obras por alumno/a**

☞ **CARACTERÍSTICAS e PRESENTACIÓN DOS MARCAPÁXINAS:** O marcapáxinas realizarase nun rectángulo de **21 x 5 cm** de dimensión. O deseño efectuarase só por unha cara e a **técnica e o estilo será libre (poderase incluír unha lenda relativa ao tema: POÉTICAS DIVERSAS)**. O deseño **presentarase centrado nunha Cartolina A4 de cor branca**. Para garantir o anonimato dos participantes, os traballos serán identificados cun **pseudónimo** e irán dentro dun sobre pechado onde figurará, nun lugar visible, o devandito pseudónimo. Dentro deste sobre, ademais do marcapáxinas, incluírase tamén un segundo sobre pechado no que figurarán os **datos persoais** do autor: nome apelidos e curso.

☞ **PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN:** O prazo de presentación dos traballos rematará no segundo recreo do día **10 de decembro**. O lugar de recollida será a **Biblioteca**

☞ **XURADO:** O Xurado estará composto por un **profesor do Dto. de Debuxo, un membro da ANPA, un representante do equipo de dinamización da Biblioteca, e dous alumnos.**

☞ **FALLO DO XURADO E ENTREGA DE PREMIOS:** O fallo do Xurado darase a coñecer o día **15 de decembro** no taboleiro da ANPA e no blogue da Biblioteca. A **entrega de premios** terá lugar o día **20 de decembro na Biblioteca** no segundo recreo.

☞ **PREMIOS:** Establécense **dúas categorías e un premio por categoría:**

ESO: 1º premio 25 € (a gastar na librería Cantón 4)

BACH: 1º premio 25 € (a gastar na librería Cantón 4)

Ademais, **editarase** un dos marcapáxinas premiados, e **será distribuído**. Todos os traballos presentados serán **expostos**. Os traballos premiados quedarán en propiedade da Biblioteca, quen se reserva o dereito da súa reprodución sen que iso supoña ou sexan esixibles dereitos de autor.

ILUSTRACIÓN:
Andrea Castro Sánchez
(Exalumna Bach Artes)

biblioteca.saturninohermida@gmail.com